



**BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
DO EXERCICIO 2022
PRORROGADO PARA O EXERCICIO 2023**



TÍTULO IV. GASTOS DE PERSOAL

(...)

CAPÍTULO II. RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIONES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN .

BASE 58. RETRIBUCIÓN.

(Punto 10º e 11º da Sesión plenaria de Organización celebrada o 12 de xullo de 2023)

A Alcaldía terá dedicación exclusiva ao seu cargo, con xornada completa, con unha asignación anual bruta de 50.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.571,43 euros, cos límites establecidos pola Lei 27/2013.

A segunda Tenente de Alcalde terá dedicación exclusiva ao seu cargo e á delegación que exerce nas área de Benestar Social, Sanidade, Igualdade e Atención Cidadá con unha asignación anual bruta de 44.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 3.142,86 euros, cos límites establecidos pola Lei 27/2013.

A terceiro Tenente de Alcalde terá dedicación parcial ao seu cargo (75% da xornada ordinaria de traballo) e á delegación que exerce nas área de Obras, Urbanismo, Servizo de Iluminación e Parque Móbil con unha asignación anual bruta de 33.000,00 euros, repartida en 14 pagas mensuais de 2.237,14 euros, cos límites establecidos pola Lei 27/2013.

As anteriores dedicacións terán dereito ademais a percibir os gastos extras de representación e viaxes que se lle ocasionen con motivo de asistencia a reunións e outros de carácter oficial.

BASE 59. INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DE SERVICIO.

(Punto 9º da Sesión plenaria de Organización celebrada o 12 de xullo de 2023)

Os membros da Corporación percibirán en concepto de asistencias por concorrencia efectiva a sesións de órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:

Pleno	75,00 €/Sesión
Xunta de Goberno Local	150,00 €/Sesión
Comisións informativas	50,00 €/Sesión
Comisións creadas por Regulamentos ou Ordenanzas Municipais (para membros corporativos) e Xunta de Seguridade Cidadá	50,00 €/sesión
Órganos de negociación e mesas de contratación (para membros corporativos)	50,00 €/sesión
Representación da Corporación en órganos colexiados nos que se participe, agás que a entidade titular de tal órgano, xa pague asistencias	50,00 €/sesión



De conformidade co sinalado no Art. 75.4 da Lei 7/85 de 2 de abril (LBRL), só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da Corporación. En consecuencia estas asistencias non se pagan aos concelleiros que teñen dedicación exclusiva ou parcial.

Para as dietas en desprazamentos e quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro, en concreto nas contías establecidas para o persoal encadrado no grupo I, do anexo I.

O concello de Vimianzo manterá un seguro colectivo de accidentes así como de responsabilidade, no que incluírá a todos os membros da Corporación, ofrecendo as mesmas coberturas que as establecidas para o empregados públicos, segundo o establecido no convenio e acordo regulador das condicións de emprego.

BASE 60. DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS.

(Punto 9º da Sesión plenaria de Organización celebrada o 12 de xullo de 2023)

Os grupos políticos municipais percibirán en concepto de dotacións económicas, ó abeiro do artigo 73 da Lei de bases de réxime local e demais disposicións concordantes, as seguintes contías:

contía fixa por grupo: 300 euros/mes

contía variable: 50 euros/mes por concelleiro.

De conformidade á normativa vixente, as cantidades asignadas aos grupos políticos municipais só poderán destinarse a gastos de material non inventariable, gastos funxibles, taxas, tributos, indemnización, arrendamentos e consumos directamente relacionados coa actividade desenvolvida, sen que podan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Tampouco se poderán destinar ao pagamento de comidas ou bebidas.

A xustificación do gasto destes fondos realizarase no prazo dos dous meses seguintes á finalización do exercicio económico de concesión da dotación económica ao grupo político municipal. De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 11/99 de modificación da LBRL, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica que se estableza con cargo aos Orzamentos municipais, e deberán xustificar o cumprimento da finalidade a través de unha memoria anual subscrita polo Portavoz do Grupo Político Municipal, acompañada dos orixinais ou copias compulsadas de facturas, recibos ou outra documentación xustificativa. Nesta memoria, ademais de describir os principais gastos do grupo, deberase acreditar que o grupo Político Municipal está ao corrente nas súas obrigas tributarias municipais, podendo facerse mediante declaración expresa responsable, autorizando ao concello a súa comprobación. Tamén se acreditará, de igual xeito, non ter pendente de xustificación ningunha dotación económica concedida da mesma natureza, polo Concello de Vimianzo. Acompañando a memoria, comunicarase ao concello a obtención de outras achegas para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou Ente Público.



Darase conta ao Pleno das xustificacións presentadas correspondentes a esta dotación económica aos grupos municipais, previo informe de Intervención. O pleno poderá acordar non dar por válida a xustificación das axudas, se así se indica no informe de Intervención, o que implicará a obriga do seu reintegro, no importe que se entende que non está correctamente xustificado. Noutro caso, o Pleno dáse por enterado.”